

NOME	GRUPO
------	-------

O exercicio consiste en reducir a expresión alxébrica da páxina 2 indicando paso por paso e con detalle **todos** os procesos que sexa necesario utilizar (descomposición factorial, cálculo do mcm, simplificación, redución, operacións polinómicas, ...), expoñendo de maneira explícita os seguintes aspectos:

- i. Orden correspondente ao desenvolvemento de cada proceso.
- ii. Nome do proceso a desenvolver.
- iii. Método ou métodos utilizados.
- iv. Resultado parcial do proceso.

Exemplo:

$$\frac{x^2-4}{x} : \frac{x-2}{x^3+2x^2} = \frac{\overset{[2a]}{(x^2-4)} \cdot \overset{[2b]}{(x^3+2x^2)}}{x \cdot (x-2)} = \frac{(x-2) \cdot (x+2) \cdot x^2 \cdot (x+2)}{x \cdot (x-2)} = \dots$$

Nº PROCESO	NOME	MÉTODOS	RESULTADO	CORRECCIÓN (DEIXAR EN BRANCO)
[1]	División de fraccións alxébricas	Multiplican-se en cruz	Numerador: $(x^2-4) \cdot (x^3+2x)$ Denominador: $x \cdot (x-2)$	
[2a]	Factorización de polinómios	Identidade notábel $(a-b) \cdot (a+b) = a^2 - b^2$	$x^2 - 4 = (x-2) \cdot (x+2)$	
[2b]	Factorización de polinómios	Extracción de factor común	$x^3 + 2x^2 = x^2 \cdot (x+2)$	
[3]	...	...	...	

### Notas

1ª O exercicio deberá desenvolver-se de **esquerda a dereita** e de **arriba abaixo**, utilizando correctamente os signos de igualdade, parénteses (cando sexan necesarios) e demais signos matemáticos habituais. Cuidará-se a presentación e a caligrafía.

2ª Non se poderá **tachar** nada coa fin de simplificar ou reducir expresión algunha.

3ª Poderán engadir-se observacións a calquer dos procesos, ao final da páxina 3, indicando o número de referencia do proceso.

4ª Os procesos que requiran dun maior desenrolo (método de Ruffini, produto de polinómios ou outros) deberán aparecer de xeito **completo e razoado** na páxina 4, indicando o seu número de referencia.

5ª Considerará-se como **incorrecto** calquer paso que conteña algún erro de cálculo, método ou expresión.

6ª **Non** se poderá utilizar a calculadora.

Reducir a expresión  $x^2 - x \cdot \frac{12 - 3x^2}{3x^2 + 6x} + \frac{x^3 + 2x^2 - x - 2}{x^2 + 2x + 1}$ .

Início:

$$x^2 - x \cdot \frac{12 - 3x^2}{3x^2 + 6x} + \frac{x^3 + 2x^2 - x - 2}{x^2 + 2x + 1} =$$

Conclusión:

$$x^2 - x \cdot \frac{12 - 3x^2}{3x^2 + 6x} + \frac{x^3 + 2x^2 - x - 2}{x^2 + 2x + 1} =$$

Nº PROCESO	NOME	MÉTODO/S	RESULTADO	CORRECIÓN (DEIXAR EN BRANCO)

**Observacións**

## **Desenrolo de procesos**

N° PROCESO	DESENROLO